



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 4/2003.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Luis González Vázquez

VOCAIS:

D. Miguel Angel Cela González

D. Emilio Sánchez Coto

D. José Antonio Illán Torrón

D. Manuel Veiga Franco

SECRETARIO:

D. Carlos Fernández Valdivielso

Na cidade de Lugo, o día oito de xuño de dous mil catro, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 4/2003 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE PINEIRO**, no concello de **O SAVIÑAO**, iniciado por acordo do Xurado do 11 de xuño de 2003, sendo vocal instructor **D. CARLOS FERNÁNDEZ VALDIVIELSO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 21 de agosto de 2003), iniciouse o expediente número **4/2003** (por instancia de **DON JOSÉ GONZÁLEZ FERNÁNDEZ**, en representación de 6 persoas máis), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 1 de setembro de 2003, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 1 de setembro de 2003 (registro de saída número 109845, do día 2 do mesmo mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** os seguintes documentos:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome



das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: Coa data do 12 de setembro de 2003, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos, na que se fai constar que o monte **DE PIÑEIRÓ** tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro.

QUINTO: Coa data do 18 de setembro de 2003, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte **DE PIÑEIRÓ**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

SEXTO: Coa data do 14 de outubro de 2003 (rexistro de saída número 132173, do día 17 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello de **O SAVIÑAO** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o devandito monte.

SÉTIMO: Coa data do 14 de outubro de 2003 (rexistro de saída número 132168, do día 17 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

OITAVO: Coa data do 14 de setembro de 2003 (rexistro de saída número 132162, do día 17 do mesmo mes e ano), comunicóuselle a **DON JOSÉ GONZÁLEZ FERNÁNDEZ** (representante dos promotores a efectos de notificacións) a iniciación do expediente.

NOVENO: Coa data do 14 de outubro de 2003, comunicóuselle ó Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

DÉCIMO: Coa data do 14 de outubro de 2003 (rexistro de saída número 131972, do día 17 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **DOG**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 21 de novembro de 2003, aparece publicado o **EDICTO** no **DOG** número 227, páxina 14.440, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE PIÑEIRÓ**.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 3 de decembro de 2003, recibíuse certificación do concello de **O SAVIÑAO**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello dende o día 27 de outubro ata o 28 de novembro.



DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 3 de decembro de 2003, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de MONFORTE DE LEMOS, na que se fai consta-la anotación preventiva (anotación letra A, predio 13.856, libro 133 do concello de O Saviñao, folio 113, tomo do arquivo 751)

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 15 de marzo de 2004 (registro de saída número 35516, do día 16 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de SAN SATURNINO DE PIÑEIRÓ, no concello de O SAVIÑAO, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte **DE PIÑEIRÓ**, con voz pero sen voto.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 22 de marzo de 2004, recibíuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia de **PIÑEIRÓ**, concello do **SAVIÑAO**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **JOSÉ GONZÁLEZ FERNÁNDEZ**
- **AMADEO VARELA GARCÍA**

DECIMO SEXTO: Coa data do 22 de marzo de 2004, dáse traslado das actuacións practicadas no expediente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais, solicitándolle informe sobre o aproveitamento do monte.

DECIMO SÉTIMO: Coa data do 30 de marzo de 2004, emíttese nota interior polo Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, informando sobre a clasificación do monte.

DÉCIMO OITAVO: Non se recibiu ningunha reclamación relacionada coa posible clasificación do monte **DE PIÑEIRÓ**, como monte veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Realizadas as oportunas comprobacións sobre o terreo, en consonancia coa investigación previa realizada polo Enxeñeiro de Montes encargado da mesma, e tendo en conta que os aproveitamentos que se veñen realizando no monte obxecto deste expediente son de tipo comunitario considérase que o monte **DE PIÑEIRÓ** reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

- Nome: **DE PIÑEIRÓ.**
- Pertenza: **veciños da parroquia de Piñeiró.**
- Parroquia: **San Saturnino de Piñeiró.**
- Concello: **O Saviñao.**



Superficie: 227,2 hectáreas.

Estremas:

Norte: Predios particulares, monte veciñal en man común de Xuencos, Rego das Grañas e estrada de Vilachá -A Agra.


Este: Monte veciñal en man común de Abuime.

Sur: Predios particulares e estrada de Vilachá -A Agra.

Oeste: Camiño e predios particulares.



Handwritten signatures and scribbles in blue ink, including a large signature that appears to be 'Luis'.



	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Servicio de Montes e I.F.	
	MONTE VECINAL EN MANO COMÚN "DE PIÑEIRO"	
	Superficie proposta para su clasificación S = 227'2 ha	E = 1:10.000 Lugo, maio de 2008 El Encarregado de Montes <i>[Signature]</i> Fdo: R. Ignacio Sánchez Álvarez



Lucía Belver Quiroga, secretaria do xurado provincial de montes veciñais en man común,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **30 de novembro de 2015**, figura o seguinte acordo:

<< 4. Varios:

g) Monte **BALOUTA E LAGAS** (expediente 16/80), pertencente aos veciños da parroquia de **ABUÍME**, no termo municipal de **O SAVIÑAO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 30 de xuño de 1980, monte **FERROEDO** (expediente 20/80), pertencente aos veciños dos lugares de **CAZÓN e GUDÍN** da parroquia de **EIREXAFEITA**, no termo municipal de **O SAVIÑAO** e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 30 de xuño de 1980 e monte **DE PIÑEIRÓ** (expediente 4/2003), pertencente aos veciños da parroquia de **PIÑEIRÓ**, no termo municipal de **O SAVIÑAO**, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 8 de xuño de 2004. Con data 24 de novembro de 2014 ten entrada copia autenticada de sentenza firme ditada polo Xulgado de 1ª Instancia e instrución nº 2 de Monforte de Lemos, con data 12 de novembro de 2012, recaída no Procedemento Ordinario 396/2011, na que, estimando a demanda interposta, declárase: << (...) que los montes vecinales en mano común de Abuíme, Cazón y Gudín y Piñeiró a que se refieren los hechos primero, segundo y tercero de la demanda están ubicados cada uno de ellos íntegramente dentro de las respectivas parroquias de San Xoán de Abuime, San Vicente de Eirexafeita y San Sadurnino de Piñeiró, sin que ninguna de ellas se extienda fuera de su respectiva parroquia; que el límite entre las parroquias de San Xoán de Abuíme y San Sadurnino de Piñeiró, dentro de los cuales se encuentran sus respectivos montes vecinales en mano común a que se refieren los hechos primero y tercero de la demanda, es la línea recta que une los puntos Penedo de Sanguñedo y Porto o Ponte Mazairas tal y como aparece trazada en el informe pericial acompañado a la demanda; que el límite entre las parroquias de San Vicente de Eirexafeita y de San Sadurnino de Piñeiró, dentro de los cuales se encuentran sus respectivos montes vecinales en mano común de Cazón y Gudín y de Piñeiró a que se refieren los hechos segundo y tercero de la demanda, es la línea recta que une los puntos de Penedo de Sanguñedo y Pena Gateira tal y como aparece trazada en el informe pericial acompañado con la demanda, condenando a la demandada a estar y pasar por las anteriores declaraciones y a ceñir la posesión de su monte a las líneas de colindancia establecidas, haciendo suelta y dejación del terreno que haya ocupado fuera de ellas (...) >>. Dado traslado da documentación ao Servizo de Montes, con data 14 de outubro de 2015 emítese informe, especificando as modificacións resultantes, quedando o monte **BALOUTA E LAGAS** cunha superficie de 162,13 hectáreas, o monte **FERROEDO**, cunha superficie de 185,44 hectáreas e o monte **DE PIÑEIRÓ**, cunha superficie de 160,93 hectáreas. Xuntan esbozo da situación actual dos montes veciñais afectados. Examinada a devandita sentenza, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, dar cumprimento ao establecido na mesma, procedendo ás correccións oportunas, coa incorporación do esbozo referido ao expediente de clasificación.>>


E para que conste, para a súa remisión a **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido este certificado co visto e praxe do xefe territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado.

Lugo, 2 de decembro de 2015



V. e pr.
O xefe territorial
Presidente do xurado

José Ramón Losada Fernández.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
 Departamento Territorial de Lugo
 Servizo de Montes

g Galicia

Municipio: O Saviñao

Montes: Balouta e Lagas, Ferroedo e Piñeiró

Superficie previa e posterior (Balouta e Lagas) 134,16 Ha; 162,13 Ha
 Superficie previa e posterior (Ferroedo) 148,27 Ha; 185,44 Ha
 Superficie previa e posterior (Piñeiró) 227,31 Ha; 160,93 Ha

Plano de:
 Deslinde xudicial entre as comunidades de Abume, Piñeiró e Eirexafeita (O Saviñao)


Escala: 1:12.000 Superficies adaptadas (Catastro)

Ferroedo_posterior
 Balouta_e_Lagas_posterior
 Piñeiro_posterior
 Liña_deslinde

Visto e prace
 O xefe de Servizo de Montes

Área de Montes Veciñais Lugo, 9 de outubro de 2015

Ramón Rozadillas Valverde
 Fdo. Santiago Fraga Sáenz
 Enxeñeiro de Montes



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Deslinde xudicial entre as comunidades de
Abuíme, Piñeiró e Eirexafeita (O Saviñao)

Municipio: O Saviñao
Superficie previa e posterior (Balouta e Lagas) 134,16 Ha; 162,13 Ha
Superficie previa e posterior (Ferredo) 148,27 Ha; 185,44 Ha
Superficie previa e posterior (Piñeiró) 227,31 Ha; 160,93 Ha

Escala: 1:25.000

Montes modificados

- Ferredo_posterior
- Balouta_e_Lagas_posterior
- Piñeiro_posterior



Área de Montes Veciñais
Lugo, 9 de outubro de 2015
Fdo. Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes